

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION O DIA 30
DE XANEIRO DE 2015**

Asistentes

SR. ALCALDE:

FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ

CONCELLEIROS:

Polo BNG:

MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ
MARIA PILAR GALLEGO CID
BERNARDO VARELA LÓPEZ
MARIA ELENA SUÁREZ ESTEVEZ
MARIA TERESA DEVESA GRAÑA
MANUEL CID PÉREZ
FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO
LOSADA
OLGA QUINTANA DEVESA

Polo PP:

LUZ DOPORTO REAL
JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ
MIGUEL ANGEL RODRIGUEZ RODRIGUEZ

SECRETARIO:

Don Maximino Jardón Pedras

No Salón de Sesi3ns da Casa do Concello de Allariz, cando son as TRECE HORAS E TRINTA MINUTOS (13.30) do dia TRINTA de XANEIRO do DOUS MIL QUINCE, previamente convocados, reun3ronse os Sres. Concelleiros 3 marxe relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Francisco Garc3a Su3rez, a fin de celebrar unha sesi3n ordinaria polo Pleno da Corporaci3n.

Non asiste 3 sesi3n a concelleira do PP, MARIA CONSUELO 3LVAREZ MOSQUERA, que previamente excusou a s3a asistencia por motivos persoais.

Sen incidencias.-

---***---

ORDE DO DIA

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador correspondente á sesión do 29/12/2014.**
2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**
3. **Requerimento de anulación da Resolución do 15/12/2014 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas pola que se establecen as condicións de adhesión ao sistema promovido pola administración autonómica para a xestión institucional dos residuos domésticos.- Aprobación, se procede, da proposta da alcaldía.**
4. **OPERACIÓN DE TESOURERÍA.- Aprobación, se procede, dunha operación (renovación) con ABANCA (expte. FL2015.01).**
5. **OPERACIÓN DE TESOURERÍA.- Aprobación, se procede, dunha operación (renovación) co BANCO PASTOR (expte. FL2015.02).**
6. **Estatutos da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Allariz.- Aprobación inicial, se procede.**
7. **MOCIÓN DO BNG sobre a creación dunha tarifa eléctrica galega.**
8. **Rogos e Preguntas.**

---***---

- 1.- **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador correspondente á sesión do 29/12/2014.**

Aprobase pola unanimidade dos doce concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local sen modificación algunha.

- 2.- **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**

Están a disposición dos grupos políticos no Libro de Decretos na secretaría, sinala o alcalde.

- 3.- **Requerimento de anulación da Resolución do 15/12/2014 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas pola que se establecen as condicións de adhesión ao sistema promovido pola administración autonómica para a xestión institucional dos residuos domésticos.- Aprobación, se procede, da proposta da alcaldía.**

Da conta o Alcalde sinalando que, como todos os concelleiros xa coñecen, o pasado ano a Xunta de Galicia aprobou o establecemento, por Lei, dun canon polo servizo de recollida do lixo que teñen que pagar os concellos á empresa SOGAMA de xeito que o prezo por tm pasa de 55 euros a 74 euros mais IVE. Posteriormente, en virtude da disposición contida na Lei de Orzamentos da Xunta de Galicia díctanse resolucións como a que se cita no requerimento, do 15

de decembro de 2014, pola que queda sen efecto a capacidade de negociación das condicións do contrato entre a empresa e os concellos, na medida en que as condicións pasan a ser impostas unilateralmente, sen trámite de audiencia, como son as condicións de adhesión, establecemento do canon, ou mesmo a posibilidade de que as facturas emitidas pola empresa podan ser compensadas de oficio pola Xunta de Galicia con cargo ao Fondo de Cooperación Local. En definitiva, sen ningún tipo de audiencia previa, atribúense a unha empresa de capital mixto prerrogativas que son un privilexio con respecto ás demais relacións mercantis que non gozan de tal posición, ésa é a razón de ser do requerimento, para que a Xunta deixe sen efecto esta Resolución e que abra unha vía de diálogo cos concellos que son quenos teñen competencias no ámbito da xestión dos residuos sólidos urbanos, con independencia das que tamén teña a Xunta no ámbito do seu tratamento e eliminación. En definitiva, o que se fixo foi establecer un mecanismo por ministerio de lei que interfere nas relacións que se crean entre os concellos cunha empresa atribuíndolle a ésta unha posición extraordinaria da que non gozan outras relacións empresariales, sen audiencia previa dos concellos e mesmo sen ter escoitado á Comisión Galega de Cooperación Local como é preceptivo tratándose dunha resolución que afecta directamente aos concellos, por eso, considera o Alcalde que o requerimento é oportuno e conveniente mesmo en defensa do principio de autonomía municipal.

Polo grupo municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, Miguel Ángel Rodríguez Rodríguez, sinala que o seu grupo vai votar en contra do requerimento porque detrás dos argumentos xurídicos hai un trasfondo político xa que se ben os concellos son os titulares da competencia en materia de xestión de residuos domésticos, SOGAMA é o mecanismo que a Xunta de Galicia pón a disposición dos concellos que voluntariamente se adhiran á xestión que ten encomendada. Polo tanto, esta empresa préstalle un servizo aos concellos que eles mesmos contratan e polo tanto teñen que pagarlle por estes servizos como se paga por outros. Se os concellos non pagan SOGAMA non é viable, nise caso os concellos teñen un problema porque teñen que buscar unha alternativa para eliminar o seu propio lixo. Este sistema, sinala, non pode verse ameazado porque un grupo de pequenos concellos decidan non pagar mais por un servizo que reciben e que queren seguir recibindo; unha cousa é ter problemas de tesourería, e outra moi diferente é adoptar a decisión irresponsable e poñer en risco o sistema. A Xunta dalles aos concellos a posibilidade de decidir se queren seguir xestionando os seus residuos a través de SOGAMA ou non, pero os que queiran seguir teñen que saber que teñen que pagar o servizo. Ao mesmo tempo, a Xunta dótase de capacidade para poder cobrar o servizo que presta mediante o mecanismo previsto pola lei para compensar as débedas contraídas por outras administracións, porque a inmensa maioría dos concellos paga por ese servizo e teñen dereito a velo garantido; pagan porque valoran o servizo que reciben. Os concellos que devolveron as facturas non representan nin siquiera o 3% dos concellos adheridos, e manteñen unha actitude irresponsable porque pón en risco o sistema de tratamento dos residuos domésticos de Galicia e resulta insolidaria a súa posición con respecto á maioría que sí paga, porque mentras uns non pagan sen embargo reciben un servizo que pagan os restantes, pero ademais sí que lles cobran os recibos aos veciños. Por outra parte, o canon pola eliminación dos residuos é dos mais baratos de España, sinala, e mesmo no ano 2015 vai baixar o 10%. Considera o concelleiro que nos últimos anos

SOGAMA está facendo un esforzo importantísimo para ser mais eficiente e mais sustentable ambientalmente, pois cada vez aumenta mais a reciclaxe de materiais e cada vez vai menos lixo ao vertedoiro. Temos que ser conscientes, sinala, de que o tratamento dos residuos require a implicación de todos, de modo que se os cidadáns fan unha labor previa de separación dos residuos, os concellos enviarán menos toneladas de lixo a SOGAMA e pagan menos; mesmo se os concellos melloran o sistema de recollida e facilitan a separación tamén disminuirá o lixo que vai ás plantas de SOGAMA.

Cree o concelleiro, en definitiva, que detrás dos argumentos xurídicos hai un trasfondo político, e mesmo afirma que o propio concello en ocasións non pagou á SOGAMA o cal é unha actitude irresponsable e fronte a elo o que fai a Xunta é aplicar os mecanismos dos que dispón para procurar compensar as débedas contraídas polos concellos cos pagos que á súa vez lle corresponden. Por todas estas razóns, considera que non é necesario facer o requerimento e o que esconde é un certo desacordo por aplicación de sistemas como son os de retención no mecanismo do Fondo de Cooperación Local.

Intervén a continuación o Alcalde para sinalar que, en todo caso, cando o ano pasado a Xunta de Galicia mediante a Lei dos Orzamentos estableceu un prezo abusivo cunha suba do 34% todos os concellos, e mesmo a través da FEGAMP, pronunciáronse en contra da suba e da imposición, que deixa de ser un acordo bilateral. O concello de Allariz está ao corrente no pago con SOGAMA, non ten ningún tipo de dificultades na relación económica coa empresa cuns compromisos de pagos mutuamente aceptados mediante a entrega de pagarés e estamos completamente ao día no pago. Entre os concellos que non pagan hai moitos gobernados polo Partido Popular e tamén Mancomunidades, non hai mais que ver as cifras no balance da empresa. Polo tanto, non se pode facer creer que se trata dun problema duns concellos irresponsables que non pagan, porque non é correcto, porque SOGAMA ten mecanismos para cobrar as facturas que non lle pagan os concellos, como dispoñen as demais empresas. O que eiquí se comenta é ben diferente, sinala, xa que a Xunta de Galicia está blindando a SOGAMA de forma que o dialogo, a negociación contractual que ten que existir, e que antes existía, que se plasmaba nun contrato que establecía un prezo que se revisaba en función do IPC anual, quedou sen efecto, porque foi modificado unilateralmente, mesmo de xeito fraudulento porque a baixa do 10% que se prevé para este ano non é froito de circunstancias económicas reais. Tampouco é correcto que SOGAMA pretenda incrementar os ingresos empresariais a base de subir o canon aos concellos, tería que haber outras fórmulas, como a mellora de xestión ou ampliación de capital, sen esquecer que mais do 50% do lixo que se entrega na planta de SOGAMA vai directamente ao vertedoiro sen tratamento. Por eso, nin siquiera se discute sobre a viabilidade de SOGAMA, do que se discute é sobre a perda dos concellos da capacidade de negociación en cuestións que lle afectan de xeito tan relevante como é o canon por tm, as condicións de adhesión, aspectos que non poden depender dunha das partes e menos blindadas por lei por parte do goberno galego a favor dunha empresa que nin siquere é cen por cen capital público. Por eso, mais alá dos aspectos concretos que se sinalan no requerimento hai sobre todo unha defensa da autonomía municipal que debería ser

obxeto de defensa común por parte de todos os grupos políticos, xa que se a Xunta ten competencias en materia do tratamento de residuos, os concellos tamén a teñen como competencia básica na recollida dos residuos sólidos urbanos, por eso a relación dos concellos con SOGAMA ten que ser contractual como a que se ten coas restantes empresas.

Intervén a continuación a portavoz do Grupo municipal do Partido Popular, Luz Doporto Real, para sinalar que parece evidente que SOGAMA ten que manter en equilibrio a relación de custes e ingresos, e se os concellos non pagan polo servizo de tratamento do lixo temos un grave problema en Galicia. De feito, xustamente porque hai necesidade de manter o servizo de recollida e tratamento do lixo, o concello anualmente sube as taxas de recollida, e mesmo hoxe en día está en estudio unha alternativa para a reciclaxe do lixo en Allariz. Por outro lado, cando o Alcalde afirma que o concello está totalmente ao corrente do pago das cuotas non é exactamente así porque o certo é que o concello púxose ao corrente cando o concello pediu o rescate do Estado e obtivo un préstamo de mais de dous millóns de euros para pagar os atrasos aos provedores. Admite que pode ser certo que Allariz renegociou a súa débeda con SOGAMA fai mais ou menos dous meses e acordaron unha serie de pagos a través de pagarés que, se chegara o caso e non se poideran pagar, acumularíase mais débeda cos correspondentes intereses. Por eso o que realmente lle preocupa a Allariz é que ou pagamos ou nos van reteñer do Fondo de Cooperación, é iste aspecto o que realmente lle preocupa ao concello, xa que, lóxicamente, esta retención crearía serias dificultades de xestión ao concello.

Intervén finalmente o Alcalde para sinalar que a realidade é que o concello está ao corrente no pago con SOGAMA como a propia portavoz admite, pero non se discute de pagar ou non a esta empresa, do que se discute é se SOGAMA ten dereito a un trato privilexiado con respecto ás restantes empresas e se os concellos teñen dereito a discutir e negociar coa Xunta de Galicia as condicións de funcionamento de SOGAMA. Istes son os aspectos principais da cuestión e o goberno municipal de Allariz, igual que outros concellos, considera que ten que haber unha interlocución, un dereito de audiencia previa, fronte a imposición dun canon e as condicións de adhesión, conclúe o Alcalde.

Polo exposto,

De conformidade co dictamen favorable da comisión de facenda do 27/01/2015, o Pleno, pola maioría absoluta legal, cos votos favorables do BNG (9) e co voto en contra do PP (3), ACORDA aprobar a proposta da alcaldía de data 21 de xaneiro de 2015 que a continuación se transcribe literalmente:

EXPOSICIÓN:

Que na antedita representación, ao abeiro do artigo 44 da Lei 20/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (en diante, LXCA), interpoño REQUIRIMENTO

DE ANULACIÓN perante esa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (en diante, CMAT) contra a súa resolución do 15.12.2014, pola “que se establecen as condicións de adhesión ao sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional dos residuos domésticos” (publicada no DOG nº 243 do 19.12.2014), con base nas seguintes

ALEGACIÓNS:

PRIMEIRA. ANTECEDENTES

1. A disposición adicional vixésimo primeira (en diante, DA21ª) da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2014, establece:

“Disposición adicional vixésimo primeira. Garantía de viabilidade do sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional dos residuos domésticos

Un. *O sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional dos residuos domésticos, xestionado de acordo co disposto na Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, pola sociedade do sector público autonómico Sociedade Galega de Medio Ambiente, configúrase como un modo de xestión colectiva dos residuos municipais cuxa finalidade de interese xeral é a de conseguir en cooperación coas entidades locais adheridas ao sistema o mellor resultado ambiental global...*

Dous. *Para garantir a sustentabilidade financeira do sistema fíxase un canon unitario de tratamento por tonelada, expresado no artigo 29.b) da Lei 10/2008, na cantidade de 74,64 €/t máis o imposto sobre o valor engadido para o ano 2014, de acordo co plan de viabilidade presentado pola sociedade pública e en función dos custos totais que xera o tratamento dos residuos domésticos no marco do sistema. En posteriores exercicios o dito canon actualizarase anualmente no mes de xaneiro conforme o índice de prezos ao consumo, publicándose a súa contía no Diario Oficial de Galicia.*

Este canon será aplicable aos negocios xurídicos xa subscritos polas entidades locais coa Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A., para a xestión dos residuos urbanos municipais unha vez que transcorra o prazo de dous meses desde a entrada en vigor desta norma, salvo que dentro dese prazo as entidades locais remitan o acordo adoptado polo órgano competente da entidade local polo que se desiste do negocio xurídico subscrito.

Tres. *Cando por circunstancias extraordinarias de alteración da viabilidade económica do sistema sexa necesario revisar a contía do canon unitario por tonelada de residuos domésticos para o seu tratamento no marco do sistema, este será establecido pola consellería competente en materia de residuos logo de informe favorable da Consellería de Facenda, de tal forma que non exceda os custos totais que xere o tratamento dos residuos domésticos no marco do sistema.*

Para estes efectos, o órgano de administración da Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A., tras os estudos pertinentes en que se xustifiquen os custos asociados ás operacións de tratamento e o desenvolvemento dunha fase de consultas coa entidade asociativa máis representativa das entidades locais co fin de que poida efectuar as alegacións oportunas na defensa dos intereses locais, procederá á aprobación dunha proposta de canon unitario e os seus mecanismos obxectivos de revisión, que se remitirá para a súa aprobación á consellería.

A aprobación da contía do canon unitario por tonelada así como a súa revisión publicaranse no Diario Oficial de Galicia.

Catro. A xestión, a liquidación e o cobramento do canon unitario corresponderán á Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A., que deberá expedir mensualmente as facturas correspondentes ás entidades locais, e estas deberán aboalas nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Cinco. A adhesión ao sistema de xestión institucional de residuos domésticos será voluntaria para as entidades locais no marco do disposto na lexislación de residuos e no Plan de xestión de residuos urbanos, e efectuarase mediante negocio xurídico-administrativo, o cal será formalizado entre a entidade local e a Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A., como xestora do sistema. A consellería competente en materia de residuos, para asegurar o funcionamento do sistema, logo da proposta da sociedade pública, fixará as condicións de adhesión das entidades locais ao sistema e aprobará o modelo para a formalización da adhesión. Logo de se publicar as condicións para a adhesión no Diario Oficial de Galicia, os negocios xurídicos que nese momento estean subscritos polas entidades locais coa Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A., para a xestión dos residuos urbanos municipais entenderanse modificados e adaptados ás condicións aprobadas unha vez que transcorra o prazo de dous meses desde a indicada publicación, salvo que dentro dese prazo as entidades locais remitan o acordo adoptado polo órgano competente da entidade local polo que se desiste do negocio xurídico subscrito.

Seis. En garantía da sustentabilidade financeira do sistema, entre as condicións para a adhesión figurará... que en caso de non pagamento das cantidades que corresponda aboar ás entidades locais en concepto de canon unitario estas terán a consideración de vencidas, líquidas e exhibibles para os efectos do seu aboamento con cargo ás cantidades que correspondan a cada municipio como participación no Fondo de Cooperación Local, por instancia da sociedade pública, mediante acordo de retención ditado polo órgano encargado da xestión do Fondo de Cooperación Local de acordo co establecido na regulación deste. As cantidades retidas serán obxecto de entrega á sociedade pública..."

2. A CMATI, ao abeiro da DA 21ª citada, ditou a resolución do 15.12.2014 impugnada por medio da que, á parte de determinar de maneira exhaustiva as condicións da antedita adhesión, tamén aproba como anexo II o modelo de documento.

SEGUNDA. MOTIVOS DO REQUIRIMENTO

Entendemos que a resolución impugnada non se axusta a dereito e debe ser anulada polas razón que resumimos a seguir:

1ª. Ilexitimidade da DA21ª da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2014

A antedita DA21ª, presuposto e alicerce da resolución recorrida, contén varias medidas que alteran de maneira substancial a relación xurídica de Sogama cos concellos adheridos ao sistema:

a) De primeiro, habilita a CMATI para fixar de cara ao futuro o contido do contrato SOGAMA-Concellos, cuestión á que se refire como “fixar as condicións de adhesión das entidades locais ao sistema e aprobar o modelo para formalización desa adhesión”, entre as que se deberán prever un tempo mínimo e que, no caso de impago do canon, a débeda terá a consideración de vencida, líquida e esixible e será aboada por medio de retención das cantidades que lle correspondan ao Concello no Fondo de Cooperación Local, mediante acordo do órgano autónómico de xestión. Todas estas normas serán aplicables aos contratos preexistentes se a corporación local non desiste da adhesión ao sistema no prazo de dous meses.

b) En segundo lugar, a norma fixa directamente un canon unitario de tratamento por tonelada (ao que cualifica como prezo privado do artigo 29.b da LRG) de 74,64 €/t máis IVE para o 2014, de acordo co plan de viabilidade presentado por Sogama, que será aplicable aos contratos preexistentes transcorridos dous meses sen que a corporación local desistise da adhesión ao sistema (débase ter en conta que por Resolución da CMATI do 30.12.2014, DOG nº 5, do 9.01.2015 reduciuse ese canon a 67,18 €/t máis IVE para o ano 2015).

c) Por último, a norma prevé dúas fórmulas de revisión do canon fixado. Unha ordinaria, por actualización anual conforme ao IPC, e outra extraordinaria, por alteración da viabilidade económica do sistema. Neste caso, o canon será establecido por resolución da CMATI, por proposta xustificada de Sogama, con fase de consultas coa Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante, FEGAMP) e informe da Consellería de Facenda.

A única garantía que lles queda aos concellos fronte a esas decisións unilaterais –saír do sistema no prazo de dous meses desde que se aprobou o novo canon ou se aproben as novas condicións de adhesión– é ilusoria porque practicamente non hai outra alternativa real a disposición dos concellos para prestar o servizo e naquel brevisimo lapso de tempo é imposible deseñar e poñer en marcha outro sistema de xestión.

d) É constitucionalmente inaceptable que o lexislador autonómico, en vez de residir nos órganos da administración -léase CMATI- a competencia para determinar un novo canon para

2014 -en coherencia co sistema que se utilizou no pasado e que se deseña para o futuro-, ou de empregar os diversos instrumentos de coordinación e/ou cooperación que prevé a lexislación de réxime local (en concreto, o Título V da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, ao que precisamente remite o artigo 9 da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia), decida directamente fixar a súa contía concreta, no apartado dous da DA21ª, a través dunha norma con rango de lei formal a pesar –repetimos- de que se trata dunha decisión propia dun acto administrativo.

Con iso cométese unha inxerencia abusiva do poder lexislativo no ámbito de facultades típicamente administrativas –decisión sobre cuestións tocantes á modificación e execución dun contrato do sector público- sen darlles sequera ás entidades locais, titulares de competencias sobre a recolla e tratamento de residuos sólidos urbanos e unha das partes contratantes, a oportunidade de seren oídas sobre aquela decisión. Ademais vulnérase, a través dunha lei singular ou de caso único, o dereito á tutela xudicial efectiva das entidades locais, destinatarias últimas da norma por seren as obrigadas a pagar o canon (véxase por todas, a STC 129/2013, do 4 de xuño). A infracción dese dereito fundamental é por dous motivos:

a) Porque a única vía procesual que lles queda aos concellos interesados para impugnar a disposición legal sería instar a cuestión de inconstitucionalidade, que non deixa de ser unha prerrogativa do xuíz e non un dereito do xusticiable.

b) Porque, por outra banda, a satisfacción do dereito á tutela xudicial efectiva require que o tribunal que coñeza da impugnación sobre a medida controvertida teña a posibilidade de exercer sobre ela un control da mesma intensidade que se se tratase dun acto administrativo, o que como é obvio non acontece cando se impón a decisión concreta a través dunha norma de rango legal.

O feito de que o apartado dous da DA21ª constitúe unha norma legal singular ou de caso único e que contén unha determinación que en condicións normais lles correspondería ao goberno e á administración autonómicas –ou, en último caso, ás partes convenientes ou contratantes– parece indiscutible porque a modificación do prezo dun contrato do sector público ou dun convenio de colaboración é, pola súa propia natureza, unha cuestión puramente administrativa, como se desprende da lexislación reguladora de la contratación pública (LCSP e a súa normativa complementaria); e, por riba, aquela determinación legal é aplicable aos contratos que os concellos adheridos ao sistema subscribiron con Sogama sen necesidade de ningunha disposición, decisión ou acto complementarios.

A doutrina do Tribunal Constitucional sobre as leis singulares resúmese na sentenza nº 129/2013, do 4 de xuño, á que nos remitimos.

2ª. Vulneración do dereito das corporacións locais a seren oídas con carácter previo á adopción da resolución recorrida.

A resolución do 15.12.2014 é un acto da CMATI que se dita no seo dun procedemento administrativo que, por esencia, debe ter carácter contraditorio, é dicir, debe respectar a posibilidade de que alí se fagan valer os distintos intereses en xogo e de que eses intereses sexan adecuadamente confrontados en presenza dos seus respectivos titulares antes de adoptar unha decisión definitiva.

O carácter contraditorio do procedemento administrativo está recoñecido sen reservas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en diante, LAP): o seu artigo 31.b) garante que se chame ao procedemento a todos os que -sen telo iniciado- sexan titulares de dereitos que poidan verse afectados pola resolución que alí se dite, decisión que noutro caso se considera nula (véxanse por todas, as SSTS do 5.02 e 7.05.1988). Como consecuencia do anterior, as persoas interesadas teñen unha serie de dereitos de participación activa no procedemento, como son os enumerados no artigo 35 da LAP, e proporner medios de proba e intervir na súa práctica, así como os de presentar alegacións no trámite de audiencia. Se estes dereitos se negan ou se limita arbitrariamente a posibilidade de contradición, vulnérase o procedemento legalmente establecido (véxase a STC 10.04.1981).

En concreto, o artigo 84 da LAP establece un trámite específico de audiencia no procedemento que a xurisprudencia cualifica de esencial e a súa omisión considérase como causa de nulidade da resolución que se dite.

No noso caso, a propia resolución recoñece que se dita por proposta de Sogama, sen que se oíse nin se lles dese oportunidade de intervir ás corporacións locais de Galicia que son a outra parte interviniente no negocio xurídico con aquela sociedade pública autonómica.

Á parte do anterior, débese recordar que o artigo 4 da LAP dispón que as relacións entre as administracións públicas deben estar presididas polos principios de lealdade institucional, o respecto ao exercicio lexítimo polas outras administracións das súas competencias, así como a ponderación no exercicio das competencias propias da totalidade dos intereses públicos implicados e, en concreto, aqueles cuxa xestión estea encomendada ás outras administracións, principios que a Consellería obviou totalmente.

3ª. A ilexitimidade da DA21ª esténdese e contamina á resolución recorrida por derivar esta directamente da primeira

A resolución impugnada ponlle o ramo á operación de imposición unilateral e arbitraria por parte da administración autonómica ás corporacións locais das condicións reguladoras do servizo

público de xestión de residuos domésticos, que se iniciou coa infausta DA21ª da Lei 11/2013, do 26 de decembro.

Como dixemos máis arriba a DA21ª é claramente ilexítima por inconstitucional nunha cuestión central, como é a fixación unilateral da contía do canon para o ano 2014, que vulnera o dereito fundamental das corporacións locais galegas á tutela xudicial efectiva. Como esa DA21ª pretende ser o fundamento xurídico da resolución recorrida, a chata tamén afecta a esta última. O carácter derivado do acto administrativo impugnado con relación a aquela norma legal, da que pretende ser execución, está explicitamente recollido na introdución da resolución e ademais maniféstase nas continuas remisións do seu texto á DA21ª (prácticamente en todos os apartados do anexo I e en boa parte da parte expositiva e das cláusulas do anexo II).

4ª. A atribución ilexítima a Sogama do privilexio de cobro por retención da participación do Concello no Fondo de Compensación Local

O apartado 6 da DA21ª atribúelle a Sogama o antedito privilexio de forma singular e como un elemento máis da imposición unilateral aos concellos das condicións do novo sistema deseñado. A resolución recorrida recolle esa previsión (condición 8ª do anexo I e cláusula 3ª do modelo de documento).

Con todo, a actual normativa reguladora do Fondo de Compensación Local –á que remiten a DA21ª como a resolución do 15.1.2014-, constituída polos artigos 59 e seguintes da Lei 11/2014, do 19 de decembro, de orzamentos xerais a Comunidade Autónoma de Galicia para 2015, só prevé a retención das participacións municipais no Fondo por débedas das corporacións locais coa propia Comunidade Autónoma ou coas entidades instrumentais do sector público autonómico que actúen no exercicio das súas potestades administrativas, requisito que non concorre no caso da sociedade pública autonómica Sogama (artigo 103 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia).

5ª. Inseguridade xurídica xerada polo carácter ambiguo, incompleto e incoherente da resolución recorrida

A resolución do 15.12.2014 omite calquera mención á normativa reguladora do “negocio xurídico” que vincula a Sogama coas corporacións locais adheridas ao sistema. A cláusula 7ª e final do modelo de documento reconece que se trata dunha relación xurídica de natureza xurídico-administrativa e que as cuestións que se poidan derivar do “acordo de adhesión” serán de coñecemento da xurisdición contencioso-administrativa. Porén, esa disposición é totalmente insuficiente e incompleta, e mesmo se pode cualificar de incoherente, polas seguintes razóns:

a) Se Sogama é unha sociedade pública autonómica e, xa que logo, se rexe polo ordenamento xurídico privado (con algunhas excepcións que non veñen ao caso) e non dispón de

potestades administrativas (artigo 103 da Lei 16/2010, do 17 decembro), xa se dirá como se formalizan as cuestións litixiosas que deberán acabar na xurisdición contencioso-administrativa. Non vemos outra alternativa que o recurso se teña que interpoñer por Sogama contra as resolucións municipais que se diten naquela materia.

b) Mais se ese é o procedemento, fica sen resolver a forma en que se susciten e resolvan as cuestións que os concellos poidan promover contra as facturas de Sogama. O lóxico sería que, como até o de agora, Sogama interpoña o correspondente proceso contencioso-administrativo pero se ten o privilexio de cobro por retención no Fondo de Cooperación Local, a empresa cobra pola súa propia man e non precisará de recursos. A conclusión é obvia: o concello queda indefenso.

c) O negocio xurídico administrativo que vincula o concello con Sogama é obxectivamente un contrato do sector público (en concreto, un contrato de xestión dun servizo público) ou, subsidiariamente e no peor dos casos, un convenio administrativo. En calquera dos dous supostos, a remisión á lexislación de contratos do sector público parece obrigada, sexa por aplicación directa da LCSP ou pola vía de aplicación dos seus principios (artigo 4.2). Sen embargo, a resolución cala sobre ese punto fundamental, coa consecuencia de que a situación dos concellos adheridos ao sistema aínda se volve, se cabe, máis precaria.

TERCEIRA. LEXITIMACIÓN E PRAZO DE INTERPOSICIÓN DO REQUIRIMENTO

*O artigo 44 da LXCA dispón que nos litixios entre administracións públicas non caberá recurso en vía administrativa pero, non obstante, cando unha administración decida interpoñer recurso contencioso administrativo contra outra, poderá requirila previamente para que derroque a disposición, anule ou revogue o acto, cese ou modifique a actuación material, ou inicie a a actividade á que estea obrigada. O requirimento débese dirixir ao órgano competente mediante escrito razoado, que sinalará a disposición ou acto que constituen o seu obxecto, e se deberá presentar no prazo de **dous meses** desde que se publique a norma, ou se coñeza o acto ou actuación.*

Os concellos adheridos ao sistema institucional de residuos domésticos promovido pola Xunta de Galicia están lexitimados para interpoñer o antedito requirimento e o correspondente recurso contencioso administrativo de conformidade co artigo 19.1 da LXCA.

Polo exposto,

**SOLICÍTOLLE Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

que admita este requirimento e, á vista do seu contido, revogue e deixe sen efecto a súa resolución do 15 de decembro de 2014, pola "que se establecen as condicións de adhesión ao sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional dos residuos domésticos" cos efectos legais oportunos.

4.- OPERACIÓN DE TESOURERÍA.- Aprobación, se procede, dunha operación (renovación) con ABANCA (expte. FL2015.01).

Sinala o Alcalde que se efectuará unha exposición conxunta das dúas pólizas, sen prexuízo da votación separada para cada ún dos asuntos.

O concello, explica, ven reducindo de xeito sistemático as dúas pólizas de crédito que representan un 19,32% sobre o 30% do límite legal, se ben comparte o criterio de proceder paulatinamente á súa eliminación. Así, en relación coa póliza de crédito formalizada con ABANCA o ano pasado, fíxose unha amortización parcial de 15.000 euros trimestral, a proposta para este ano é de 25.000 euros/trimestre, e mesmo o ano pasado reducíronse os 250 mil euros que se tiñan co BBVA, o cal representa un esforzo importante nestes anos. Para o 2015 temos as ofertas das entidades financeiras que, no caso de ABANCA melloran substancialmente as que estaban establecidas como os concelleiros xa coñecen. A oferta do Banco Pastor, que inicialmente prantexara unha proposta de de 6,5% de interés, despois das negociacións establecidas coa entidade, como tamén se acordou na comisión, rebaiouse desde o 6,5% a un euribor mais 3,25%, en similares condicións ás de ABANCA. A intención do grupo municipal de goberno é a de atender as condicións de cancelación parcial acordadas, pero tamén se intentará facer un maior esforzo de redución cos ingresos extraordinarios que se podan producir durante o exercicio como pode ser a venda de parcelas en Chorente ou os procedentes do exercicio da opción de compra que se debería exercer durante este exercicio. De todos xeitos, sinala, a ratio de endebedamento a finais do 2015 quedaría nun 96% si só se fixeran as reducións parciais previstas o cal é unha redución significativa desde o 108% actual, e no 2016, por debaixo do 75% ao actual.

Polo grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, recorda que a posición do seu grupo xa é coñecida dende fai moitos anos xa que os problemas transitorios de tesourería, que é para o que se contratan estas pólizas, no caso de Allariz non é así porque as pólizas renóvanse ano tras ano e sempre se dan as mesmas explicacións. Ao final o que temos é un endebedamento encuberto que agora está en 5.5 millóns de euros. As intencións de redución do endebedamento sempre son as mesmas pero a realidade imponse, e ano tras ano, non hai posibilidade de cancelar estas operacións, proba desta imposibilidade é que estas renovacións

coinciden coa posta ao cobro dos tributos municipais que non chegan para atender as cancelacións. Ogallá, sinala, as previsións que fai o Alcalde se cumplan pero a política que se seguiu ata este momento proba que non vai ser así porque desde fai moitos anos sempre se fan as mesmas afirmacións que non se cumpren, por eso o PP vai votar en contra.

Intervén finalmente o Alcalde para sinalar que as cifras proban que o concello amortizou a póliza que tiña co BBVA, como antes se dixo, por valor de 250 mil euros, como tamén se fixeron cancelacións trimestrais de 15 mil euros con ABANCA e que este ano serán de 25 mil euros tamén trimestrais. Pero o endebedamento público, sinala, non é un problema só do concello de Allariz porque, o Estado, a pesar de todos os supostos recortes, está nuns niveis ben coñecidos por todos. Cree que Allariz tamén está condicionado polo escenario global, pero a situación do concello camiña hacia unha situación mais razoable. Con respecto á cobranza de tributos que indicaba a portavoz recorda a entrada principal de fondos prodúcese non nistes primeiros meses do ano, senón coa cobranza do IBI nos meses do verán.

Polo exposto,

Visto o expediente tramitado;

De conformidade co dictamen favorable da comisión de facenda do 27/012015;

O Pleno, pola maioría absoluta legal, cos votos favorables do BNG (9) e co voto en contra do PP (3), ACORDA:

*Primeiro.- Concertar coa entidade financeira **ABANCA** unha operación de tesourería por importe de //625.000,00€// nas seguintes condicións financeiras:*

- *Importe:* 625.000,00€
- *Xuro variable:* Euribor 3 meses + 3,30%.
- *Revisión xuro:* Trimestral
- *Prazo:* 1 ano
- *Comisións:* Exenta.
- *Liquidación de intereses:* Trimestral.
- *Amortización:* Ao vencemento, con 4 reducións trimestrais de 25.000€
- *Intervención:* Fírmase diante o Secretario. Non obstante, o Organismo e o Banco apodéranse recíprocamente para que calquera das partes podan solicitar a elevación a público do contrato durante a vixencia deste, sendo os gastos e impostos que se ocasionen por conta da parte que o solicite.

Segundo.- Facultar ao Alcalde, Don Francisco García Suárez, para que no nome e representación do Concello expida e asine os documentos precisos para a formalización desta operación de tesourería e asine o correspondente contrato.

5.- OPERACIÓN DE TESOURERÍA.- Aprobación, se procede, dunha operación (renovación) con ABANCA (expte. FL2015.01).

Polo exposto,

Visto o expediente tramitado que inclúe a mellora de condicións feita pola entidade bancaria con data 29/01/2015.

O Pleno, pola maioría absoluta legal, cos votos favorables do BNG (9) e co voto en contra do PP (3), ACORDA:

*Primeiro.- Concertar coa entidade financeira **Banco Pastor**, do Grupo Banco Popular, unha operación de tesourería por importe de //362.000,00€/// nas seguintes condicións financeiras:*

- *Importe:* 362.000 euros
- *Xuros:* Euribor 3 meses + 3,25%
- *Prazo:* 12 meses
- *Comisión de renovación:* Exento
- *Liquidación:* Mensual
- *Amortización:* Vencemento da póliza
- *Disponibilidade:* 0,25%
- *Gastos de estudio:* Exento
- *Comisións exceso:* 4,50%

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde, Don Francisco García Suárez, para que no nome e representación do Concello expida e asine os documentos precisos para a formalización desta operación de tesourería e asine o correspondente contrato.

6.- Estatutos da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Allariz.- Aprobación inicial, se procede.

Da conta o Alcalde sinalando que esta aprobación ten que ver cunha adecuación dos estatutos á normativa que se ten ido producindo, e de acordo coas directrices da Dirección Xeral de Protección Civil. Hai que facer un recoñecemento, sinala, da labor que presta esta agrupación sobre todo agora en que esta comarca quedou sen un grupo profesional para atender as

emerxencias dado que os anteriores grumires deixaron de existir e os novos non foron creados nin en Maceda nin en Baños de Molgas, de ahí a importancia desta Agrupación que cubre estas deficiencias.

Polo grupo municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, Miguel Ángel Rodríguez Rodríguez, sinala que o seu grupo vai votar favorablemente e recorda que canto mellor funcione o servizo de protección civil mellor será para todos os veciños.

Polo exposto,

De coformidade co dictamen favorable da comisión de facenda do 27/01/2015, o Pleno, pola unanimidade dos doce concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar, con carácter provisional, os Estatutos da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Allariz ordenando que abra un período de información pública e audiencia aos interesados por un prazo de trinta días hábiles para a presentación de reclamacións e suxerencias.

Transcorrido o prazo de exposición o Pleno resolverá as que se teñan presentado; se non hubiera reclamacións o presente acordo converteráse en definitivo sen necesidade de acordo expreso.

Xúntase o seu texto como ANEXO I á presente acta.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde tan amplamente como en dereito proceda para proceder a execución deste acordo podendo expedir e asinar cantos documentos sexan necesarios a tal efecto.

7.- MOCIÓN DO BNG sobre a creación dunha tarifa eléctrica galega.

Da conta da moción de data 27 de xaneiro de 2015, a concelleira responsable da área de Servizos Municipais (Deportes, Alumeado Público e Transportes), M^a Elena Suárez Estévez da seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu Produto Interior Bruto e por ser un factor relevante para a produción industrial.

A pesar desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxico dos seus recursos

enerxéticos. Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. Dese xeito, desempeñou un papel de centro subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico e nos xacementos de carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa construción de dous ciclos combinados de gas natural.

A potencia instalada fan de Galiza unha exportadora neta de electricidade como se pode comprobar na seguinte táboa:

ANO	ENERXÍA EXPORTADA
2001	46,0%
2002	37,7%
2003	41,9%
2004	38,0%
2005	26,9%
2006	32,0%
2007	33,0%
2008	25,5%
2009	37,1%
2010	37,1%
2011	30,2%
2012	40,0%
2013	O INEGA aínda non publicou os datos

Porén, e a pesar de que a xeración eléctrica leva aparelados uns moi importantes custos sociais e medioambientais, Galiza non tirou proveito desta actividade económica. Ao contrario, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado español, ás decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, nunca recibiu vantaxes do aproveitamento dos seus recursos, mesmo sofre en amplas zonas do país unha deficiente calidade da subministración eléctrica. No que atinxe á homénea política tarifaria, hai que subliñar que a tarifa eléctrica que se paga en Galiza inclúe peaxes de solidariedade interterritorial, como é o caso dos custos extrapeninsulares (Canarias, Baleares, Ceuta e Melilla) que, no ano 2013, foron de 1.800 millóns de euros, cantidade pagada vía tarifas eléctricas.

No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa única, prexudicial para Galiza ao tratar por igual aos consumidores dos distintos territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Porén, na nova Lei do Sector 24/2013, cuestiónase esa tarifa única, non con base nesas razóns de poder compensar vía tarifa os territorios que sofren os prexuízos ambientais de produciren enerxía, senón para penalizar as CCAA que impoñan impostos ambientais, ao recollerse a posibilidade –aínda sen desenvolver, da creación de suplementos territoriais onde houber impostos propios á actividade eléctrica (como en Galiza). Isto é, queda

aberta a posibilidade a que en Galiza paguemos aínda a electricidade máis cara por termos actividade de xeración no propio país. Como dicíamos, fica totalmente pechada calquera posibilidade de termos unha tarifa propia que nos permita ter vantaxes en función de sermos un país produtor de enerxía, como acontece en diversos estados europeos onde existen tarifas diferenciadas por territorios.

Neste sentido, Galiza debe demandar unha tarifa máis baixa (unha redución nas peaxes do 30%), para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e, tamén, para posibilitar o seu crecemento industrial.

A política sobre a tarifa eléctrica do Estado é un exemplo de despropósitos, agravado pola filosofía da reforma enerxética aprobada en 2014 polo PP que se asenta na premisa de considerar a enerxía eléctrica como un ben de consumo ordinario, suxeito exclusivamente á libre competencia e ao poder do reducido oligopolio de empresas eléctricas, no canto de considerar a electricidade un ben básico para a calidade de vida da persoas e do desenvolvemento económico, que debería estar intervindo polo sector público e vetado a especulacións e negocios abusivos. Todo isto provoca que as tarifas eléctricas no Estado español sexan as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre 30 estados europeos.

Isto débese a dúas cuestións. A primeira, as peaxes ou custos fixos do sistema, porque nelas se recollen cantidade de conceptos que non deberían estar soportados pola tarifa eléctrica, entre eles: custos extrapeninsulares, primas de capacidade, primas carbón español, moratoria nuclear, primas renovábeis, etc., partidas que debería estar nos orzamentos do Estado español. Sería máis xusto fiscalmente e rebaixarían o prezo final da tarifa eléctrica.

Tamén é relevante o prezo da electricidade no mercado maiorista (ou pool), que retribúe do mesmo xeito –sempre ao prezo da máis cara, a todas as tecnoloxías de xeración que funcionan en cada hora do día, sen distinguir os custos reais de produción, o que provoca uns hiperbeneficios para determinados sistemas, en concreto a hidráulica e a nuclear, o que provoca unha suba artificial dos prezos.

O último exemplo desta errática política enerxética é a situación creada respecto de grandes consumidores en Galiza, grandes empresas situadas no noso país por ser a súa actividade dependente da electricidade que, durante anos se viron sometidas a continuos cambios regulatorios ditados desde Madrid, sen contar para nada cos intereses do país. Desde a supresión en 2009 da tarifa G4, que era específica para empresas como ALCOA, até a regulación do sistema de interompibilidade, cuxo sistema de poxa anual implantado polo PP desde finais de 2013, a través da nefasta reforma eléctrica, supón un modelo perverso pola súa cadencia anual, o que implica que moitas empresas non realizarán investimentos de modernización nas súas factorías ao non teren un sistema tarifario estábel. Mesmo afecta á competencia leal, pois provoca que empresas do mesmo sector produtivo podan ter prezos moi diferentes de electricidade.

O escenario de tarifa eléctrica diferenciada, como dicíamos anteriormente, non é o único que existe en Europa ou nos USA. Tamén no caso do Estado español, na actual proposta de peaxes

eléctricos realizada polo Goberno central, logo dun pacto co Goberno de Euskadi, recolle o cambio de definición das redes de alta tensión para que teñan collida unha parte moi significativa da rede de distribución vasca, que neste caso é singular, o cal vai permitir a partir de 2015 uns prezos máis baixos para a industria de EuskalHerria, nunha rebaixa que se estima nun 15% nas peaxes e nun 12,5% no termo de enerxía.

No caso de Galiza, existen sobradas razóns para nos dotarmos dunha tarifa eléctrica propia que, ademais, evite a nosa desindustrialización.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

ACORDO:

Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Español a creación dunha Tarifa Eléctrica Galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, rebaixe as peaxes das tarifas nun 30%, tanto para o consumo doméstico como para as empresas.

Polo grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, recoñece que Galicia é unha gran potencia productora de enerxía eléctrica. No 2013 exportouse un 40% da enerxía eléctrica producida pero tamén é certo que, como potencia eléctrica Galicia, xa se está a beneficiando de moitas maneiras, a través de cuantiosos investimentos que exercen un efecto tractor en diversas actividades económicas, incluídos os servizos no eido tecnolóxico, tamén na creación e mantemento de 30 mil empregos directos e indirectos; supón un 5% do PIB galego, instrumentos que repercuten positivamente en Galicia como son o canon eólico, o canon hidráulico, e os pagos dos impostos municipais como o IBI polas instalacións eléctricas polas centrais, represas ou parques eólicos. En todo caso, trátase dunha proposta que non asume a realidade de conxunto e que só emprega argumentos simplistas xa que non se ten en conta que para producir esa enerxía se consumen grandes cantidades de enerxía primaria; tampouco que os custes de transporte e comercialización da enerxía eléctrica en Galicia son mais altos que noutras CCAA por moitas razóns, como a dispersión demográfica, a climatoloxía ou a distribución da propiedade do solo. Ademais, a moción pon de manifesto a falta de solidariedade interterritorial do BNG que esquece os cuantiosos recursos recibidos por Galicia nas últimas décadas ao abeiro da solidariedade europea dos fondos estruturais e doutras CCAA a través dos fondos de compensación interterritorial. Asimesmo, os galegos e todos os españois pagaron a través das súas facturas que nos permitiron ser unha potencia en renovables. O prezo dun produto non ten que ver co lugar de produción senón co seu mercado; sirva de exemplo Inditex ou Citroën. Como sempre, a tese do BNG é aillar a Galicia; a do PP é reforzar as unións colaborando para que todos se beneficien dos efectos da colaboración. Por iso se está a traballar para integrar a España, e por suposto a Galicia, nun mercado europeo único de electricidade que contribúa á mellora do subministro así como a unha maior competitividade. En relación coa tarifa vasca, polo de agora non está aprobada unha Orde de peaxes para o 2015. Polo tanto, non se poden adiantar acontecementos. O Goberno central, en calquera caso, sí ten intención de aprobar un novo réxime de peaxes, pero non creando unha tarifa ad hoc para a industria vasca, porque non se establece

para CCAA concretas senón para niveis determinados que se rexistran nalgunhas zonas do país. O prezo da enerxía débese a que alguén que gobernou en España fixo unha predicción do crecemento do PIB dun 25% entre o 2005 e o 2013, e resulta que creceu un 2%. Alguén estimou que a demanda de electricidade ía crecer por riba dun 24% e resulta que non só non crece senón que diminúe a niveis de 2007, e quenese fixeron estas previsións foron os gobernos socialistas do Sr. Rodríguez Zapatero que contaron co apoio do BNG, e pensaron que as primas ás renovables, á fotovoltaica e solar, axudarían a varias CCAA afíns. Todo isto dá lugar a unhas infraestruturas eléctricas que se teñen que pagar a pesar de ser desmesuradas. Estes erros do pasado estanse a corrixir cunha nova planificación, reducindo custes, e traballando para crear un mercado europeo no que os custes sexan iguais en todo o continente. Este traballo xa está a ter efecto sobre os prezos. Durante os anos de gobernos socialistas a factura eléctrica subiu máis dun 60% e iso que non se trasladaban todos os custes e íanse acumulando ata chegar a un déficit de tarifa de 26 mil millóns de euros. Fronte a isto, a Comisión Nacional do Mercado da Competencia recolle no seu último informe que no 2014 existirá superavit de tarifa por primeira vez en dez anos con prezos da enerxía que se reduciron nun 4%, descenso que se suma ao 3,1% que se produciu o ano pasado. E de cara ao 2015 non se vai incrementar a parte reguladora de tarifa o que é outra boa noticia para Galicia, para a súa competitividade. En relación coa colaboración con Europa, sinala, segundo os últimos datos publicados por Eurostat o prezo da electricidade para o consumidor doméstico en España baixou o 1,01% entre o segundo semestre do 2013 e o primeiro semestre do 2014, cando a suba media rexistrada na eurozona situouse no 6,35%; a suba en Alemaña foi dun 11,40%, no Reino Unido dun 7,45%, en Francia do 9,31% e en Portugal dun 5,43%. Non é certo que España sexa a terceira máis cara para o consumo doméstico, é a sexta, segundo os datos publicados por Eurostat para o primeiro semestre do 2014, detrás de Estados como Alemaña, Italia ou Dinamarca.

Os datos de Eurostat tamén reflicten que o prezo da electricidade para un consumidor medio industrial en España é máis barato nun 8,5% con respecto ó prezo medio na zona euro. Este prezo é un 61% máis baixo que o de Dinamarca, un 37% que o de Alemaña e un 32% con respecto a Italia. É certo que é máis cara que en Francia pero hai que recordar o peso da enerxía nuclear nese país. Por todo elo, o PP vai votar en contra da moción presentada polo BNG.

Intervén a continuación o Alcalde para sinalar que non se comprende moi ben que unha forza política que ten o goberno de Galicia non teña claro a necesidade de defender os nosos recursos que deberían servir para o noso desenvolvemento económico e social. Calquera país que quere facer dos seus recursos, das súas materias primas, das súas ventaxes corporativas, unha mellora de vida substancial da calidade de vida dos seus habitantes. Só faltaría que ademais de ter os custes medioambientais non pagaran o Ibi e demais tributos. Non hai máis que ver os países produtores de petróleo cómo utilizan a materia prima no seu desenvolvemento económico, o cal non contradí o principio de solidariedade interterritorial porque ninguén pospón os seus intereses ata ese punto. De feito, no reparto dos fondos estatais para os concellos galegos non só non hai solidariedade senón que hai clara discriminación, afirma. Tamén eiquí é máis costoso

prestar o servizo de recollida de lixo e non se ten en conta tal circunstancia, mentras que sí se ten en conta nos custes de produción eléctrica, como antes se dixo. Se se tomara en conta o custe de prestación dos servizos públicos como se fora un custe de produción a financiación dos concellos tería que ser moi diferente da actual. Defender algo tan básico como que cada territorio poda poñer en valor os seus recursos sen que eso impida uns criterios de discriminación, de cooperación, de intercambio con outras Comunidades, non parece razoable, e tampouco ten que ver co separatismo. O de menos é ocupar a terceira posición ou a sexta no rankin da enerxía mais cara porque todos coñecen o que ten pasado coa factura do alumeado público ou coa doméstica, onde se pasou de ter tarifas sociais ou específicas, a ser considerado un ben de mercado para sacarlle o máximo rendimento, que dependen incluso de países extranxeiros como é o caso de Endesa que depende do Estado Italiano. Eiquí mesmo servizos como a Galescola, o Fogar dos Maiores, Oficina de Rehabilitación e demais pasaron de ter tarifa nocturna a ter unha tarifa normal, e mesmo lles pasou aos veciños. Como a xente estaba reducindo os consumos, incrementaron os mínimos para que todos pagaran o que antes pagaban en dous meses agora págano nun mes. En definitiva, se Galicia ten unha capacidade en pesca, en leite, ou na produción eléctrica, pois o normal é que a tarifa eléctrica discrimine positivamente e favoreza o consumo destinado a reforzar as nosas capacidades. O que non parece razoable é que tendo unha refinaría na Coruña teñamos a gasolina mais cara do Estado, eso non se entende por ninguén. É por estas razóns e non por motivos de autarquía ou aillamento polo que o BNG mantén a defensa da súa moción, conclúe.

Concluída a exposición, sométese o asunto a votación co seguinte resultado:

SI: 9 (BNG)

NON: 3 (PP)

Queda aprobada a moción pola maioría absoluta legal.

8.- Rogos e Preguntas.

Polo Grupo Municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, formula oralmente as seguintes:

1. Sobre o paso de peóns na Barreira, na parte mais próxima á estrada de Xunqueira, que xa se pediu, parece algo sinxelo facelo, pois non fai falta ter aprobado ningún plan director de comunicación peonil entre o Grupo Escolar e a Barreira. Recorda que na sesión que se pediu, o BNG comentaba que había que ver a distancia con respecto á curva, non cree que sexa excusa, de feito hai outro paso enfronte dos Salesianos, que pode servir de referencia, ou incluso se pode consultar, pero cree que é bastante sinxelo é está nas nosas máns e pódese facer de forma inmediata, afirma.

Contesta o Alcalde sinalando que xa se lle expresou daquela a opinión e o criterio que ten o goberno municipal cal é o de priorizar o uso peonil, a seguridade viaria, a Vila para as persoas, que é algo que en Allariz é palpable, por certo en algúns casos ca súa oposición cando se sinalizou e se puxeron limitacións desas características no Casco Histórico, que hoxe xa se demostraron como atinadas. En relación co paso de peóns na Barreira simplemente se indicaba que hai unha curva de ángulo recto que impide que nas proximidades se poda facer, e suxerimos que hai unha zona onde xa hai escaleiras de baixada á zona de Pepe Puga que sí sería factible facela, o cal se está estudiando. Sobre a estrada provincial vense de solicitarlle algunha outra sinalización de paso de peóns para esa rúa e que estamos de acordo en facelo e o faremos. Pero o mundo tamén se move en base ás grandes mocións, en base ás preocupacións da xente para cambiar aquelas cousas que lle afectan e o tema do consumo eléctrico vaia se lles afecta.

2. Outra cousa que está nas nosas máns, sinala, é que se poña unha sinal de Stop no Camiño Vello de Roiriz na incorporación desde o Arnado á estrada xeral que ofrece sobre todo risco para quenes non son de Allariz.

Contesta o Alcalde sinalando que se toma nota da proposta e pasarase aos servizos técnicos municipais.

3. Outro asunto, sinala, do que se enteraron a través da prensa e non a través dos plenos ou porque se lle dera directamente, que fai referencia aos museos municipais, dos que parecer ser que van estar parados durante un mes e a explicación que se daba era que por razóns de mantemento, o cal chama a atención que se diga que é por razóns de mantemento cando están funcionando os fins de semana e dispoñen de toda a semana para facer o mantemento e ademais ao longo de todo o ano. Pois ben, o Partido Popular solicita que se manteña aberto todo o ano, incluído o mes de febreiro, que as labores de mantemento se fagan durante a semana nos días laborables, de luns a venres, porque todo fai falta para axudar ao comercio local.

Contesta o Alcalde sinalando que, evidentemente é así, pero ao mesmo tempo o Partido Popular non deixa de dicir con respecto ao gasto municipal que hai que ter cautela e que non se pode contratar mais persoal, e ao mesmo tempo o Estado tamén o impide, pero tempo tamén hai un período de tempada baixa polo que é habitual que os museos pechen, non polas razóns de mantemento como se está facendo no Museo da Moda no que se independizou o pasillo de acceso á cafetería para ter unha maior climatización e tamén se fixeron adecuacións, pero basicamente o que hai é o período de vacacións das persoas que atenden os museos. [O Sr. Rodicio pide que se diga simplemente a verdade, entón]. O Alcalde sinala que non hai debate no turno de rogos e preguntas. En definitiva, hai razóns de vacacións e de mantemento, como todos os anos. Coincide co Partido Popular en algo importante é que, a oferta cultural na actividade económica de Allariz é un elemento muy importante de dinamización e o goberno municipal seguirao potenciando aínda

que, igual que se fai na hostelería, aproveitase esta época antes do entroido para facer as labores de mantemento e descanso vacacional.

Que Allariz sexa o municipio de Galicia mais endeudado por habitante dos de mais de cinco mil habitantes non é razón suficiente, porque todos os musesos municipais funcionan durante todo o ano, replica o concelleiro do Partido Popular.

4. Solicita que se elabore o mais pronto posible a ordenanza de espazos públicos tal como xa quedaron en facer, en resposta a unha moción do Partido Popular, e aprobada polos dous grupos. Enlazando con isto, recorda que noutro pleno, na sesión do 28 de marzo, tamén quedaron en facer unha modificación da normativa do PXOM para incorporar entre os usos permitidos o das hortas municipais e que tamén foi aprobado polos dous grupos. Esas son cousas que si están nas nosas máns e se poden aprobar, sinala o concelleiro.

Contesta o Alcalde sinalando que a ordenanza de espazos públicos está elaborada, ten habido un impás ca propia directiva da asociación de comerciantes que neste intre está en proceso de elección de nova directiva, pero a ordenanza está elaborada que non ten dificultade, afirma.

En relación á modificación puntual, aclara que non se tomou ningún tipo de acordo, quedouse en estudar a proposta do concelleiro do PP que entendía que era precisa unha modificación, pero o BNG entendía que non era necesaria e imprescindible para o funcionamento das hortas municipais. Ese foi o criterio que se estableceu, sinala. [O concelleiro do PP pídelo que lea a acta da sesión]. O Alcalde sinala que leerá o que faga falta pero reitera que non considera imprescindible para o funcionamento das hortas a modificación e tampouco a criterio dos técnicos municipais, que non fixeron constar esta cuestión, con independencia de que o debate sobre a cuestión sexa interesante e se poda dar. Non hai un ánimo de non querer cumprir acordos plenarios, senón todo o contrario, afirma.

5. No pleno de 28 de novembro pasado solicitaron, sinala, que a central de compostaxe prevista non se ubique na nave de Iberolacto. Nesta ocasión, ratifican aquela solicitude para que quede claro que se opoñen á ubicación desta instalación na antiga nave de Iberolacto, por dous motivos moi sinxelos: En primeiro lugar, pola situación en solo urbano; en segundo lugar, por considerar que a central de compostaxe non é un uso axeitado para a citada nave.

Contesta o Alcalde sinalando que a aula experimental ambiental que se vai por en marcha nas antigas instalacións de Iberolacto, patrimonio municipal, un dos concellos con mais patrimonio de todas as vilas que él coñece, afirma o Alcalde, está avalado pola Universidade de A Coruña e asinaráse tamén próximamente coa Universidade de Vigo ese mesmo acordo. En relación

con esa materia pensa que vai ter tamén a cobertura necesaria para o seu funcionamento con ese carácter experimental e limitado, e polo tanto, dende esa perspectiva non cree necesario crear ningún tipo de alarma sobre o seu propio funcionamento porque no goberno municipal son os primeiros interesados no bo funcionamento desa instalación e co alcance que ten. Se o concelleiro lle quere chamar central de produción de compost masivo, nociva, insalubre e perigosa, pode facelo, pero non é esa a realidade, porque vai ser un centro experimental para coñecer diversos tratamentos en relación a un ámbito moi limitado dunha fracción orgánica que vai ir alí, porque o modelo tamén se foi adaptando e vai estar baseado fundamentalmente nos composteiros comunitarios que cada veciño vai ter adscrito nas inmediacións da súa casa para poder facelo nas trinta illas que están establecidas, mais alá dos que teñan composteiros individuais, dos que teñen finca para poder botalo, y vai haber ca hostelería e con algúns produtores unha recollida específica para esa pequena experimentación nesa aula e baixo ese criterio, e polo tanto pide que se lle chamen ás cousas polo seu nome. Se algún día, afirma, é preciso e cree que non é ése o modelo, porque se vai ir a un modelo de composteiros comunitarios de 8, 10, 6 ou 4 módulos, das vivendas que están adscritas por cores para poder depositar alí a materia orgánica co caldeiro que o concello lle vai entregar a cada ún do veciños para poder facelo; pero se fora necesario algún día ir a unha planta desas características obviamente tería que ir ó parque empresarial ou a algunha ubicación que fora acorde, pero non é esa a intención do goberno municipal.

Comenta o concelleiro Sr. Rodicio, que os eufemismos non cambian [interrumpe a intervención o Alcalde sinalando que non hai debate neste apartado, só hai rogos ou preguntas]. Os eufemismos, continúa o concelleiro, non cambian o nome e o uso das cousas. Unha central de compostaxe non deixa de selo porque se lle chame doutra maneira, conclúe. O que tamén solicitan para que quede ben claro afirma o concelleiro, e que os composteiros previstos non se ubiquen en solo urbano, que se ubiquen en solo rústico, xa que na normativa do plan xeral, entre os usos permitidos, non están os composteiros, pero non é que teña que figurar expresamente a palabra composteiro, non hai usos asimilables a composteiro que podan ir en solo urbano. Por consiguiente, teñen que ir en solo rústico e se o goberno municipal se empeña en poñelos en solo urbano e ir a feitos consumados, previamente terán que modificar a normativa do plan xeral que permita ese uso; o que non se pode e esixirlle aos particulares que cumplan cunhas determinadas regras e normativas e o propio concello non cumpla a normativa do plan xeral de ordenación municipal en canto a usos permitidos en solo urbano.

Contesta o Alcalde sinalando que cree que o concelleiro fai unhas interpretacións a veces moi abusivas en relación ao que é a normativa e se considera que poñer un quinto contedor porque en realidade eso é poñer o quinto contedor, chamámoslle composteiro pero en realidade é o quinto contedor: hai un amarelo, o do resto, o do vidro, o do papel-cartón, e hai un quinto que é o da orgánica, e agora vai resultar que non se poden por en solo urbano e habería que polo en solo rústico para que a xente teña que ir botar o lixo. Polo mesmo, habería que sacar os outros porque non poderían estar. Non ten sentido, afirma. Pero en todo caso, é a opinión do concelleiro e reitera que non hai debate neste apartado. Explica que se se quere presentar unha moción sobre esta cuestión debatese, pero non neste apartado.

O concelleiro aclara que non está falando de contedores, está falando de composteiros, son cousas distintas.

6. Solicita que se proceda á poda dos plátanos da rúa Emilia Pardo Bazán e rúa do Piñeiro polo seu tamaño excesivo e polas plagas de insectos que teñen. Entonces, por razóns medioambientais, de limpeza, hixiénica, e de saúde, e sobre todo de seguridade, cando haxa un accidente, como ten ocorrido en Madrid, despois pediranse contas. Por eso, procedan antes de que sexan máis grandes e de que haxa máis plagas de insectos á poda desas árbores nesas dúas rúas.

Contesta o Alcalde sinalando que Allariz ten unha configuración na que afortunadamente a sombra e a ventaxa que dá o conxunto de árbores que temos fai tamén do noso pobo un pobo singular. As árbores teñen un mantemento anual, que se vai seguir facendo, pero o que non se pode pretender é unha tala desta arboreda porque constitúe unha fisonomía característica de moitos anos e non depende deste grupo de goberno, non hai máis que ver as fotos antigas. Pensar nunha entrada á Vila polo Piñeiro sen ter esa arboreda ou esa alameda, ou toda a Emilia Pardo Bazán sen a arboreda, pois non sería lóxico. Outra cousa é que se estableza un plan de poda, que se está facendo, na Emilia Pardo Bazán fíxose con máis intensidade, e outra cousa é que haxa veciños que pensen que é mellor non telos, eso entra do opinable, pero que o grupo de goberno non comparte.

7. Por último, solicita información sobre os proxectos de obra nova e rehabilitación presentados e tramitados no medio rural fora de Allariz capital no que vai de lexislatura, se pode ser desglosado por anos. Aclara: número de proxectos, edificación de obra nova e rehabilitación.

Contesta o Alcalde sinalando que toma razón.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás catorce horas e trinta e cinco minutos do mesmo día do seu comezo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO